

Espértame o cálido agarimo das acompañadas e xeadas ondas do mar e arrastro a mirada cara o cénit das miñas pálpebras. Admiro a centelleante area, que acariña cada fibra do meu ser e o brillante deleite, ofrecido polo colorido óleo que se alza sobre min.

Esquivas pinceladas de añil, vermello e rosa que alumean o fértil deserto da miña mente. A miña consciente inconsciencia conta unha suave melodía con notas de realidade e sonoros silencios de ilusión. Érgome cun endeble recordo, un pensamento que resucita a miña onírica tarefa, guiada por impulsos e alonxada da fatigante razón. As chispas celestes comezan a danzar a sinfónica liña de pensamentos que azouta o meu ser. Presencio como unha caótica chuvía de sons desordena a cuadrículada forma da miña mente, como un mar de incógnitas forma unha interrogante e breve resposta.

Por primeira vez na miña vida, desfruto a clara sombra que tapa a miña vontade, desfruto unha viva avalancha de paixóns mortas. Desfruto as vitais sacudidas das ondas, o derrumbe da fráxilmente establecida fortaleza da miña mente. Cando me decato da miña solitaria viaxe, acompañada polas tebras do mar e a palidez da súa beira é cando cesa a elegante conexión coa desconexión. Nuns rápidos movementos as tebras cegan os meus ollos e a pálida espuma cobre os fugaces restos do óleo celeste. Velozmente entro nunha dinámica inmovilidade e nunha deslumbrante cegueira. Agora xa podo comezar a soñar.